6. Iniciar e apoiar os procesos de lectura, sobre todo como estratexia para desenvolver a linguaxe oral.
7. Incidir na correcta articulación da linguaxe oral.
8. Ampliar o vocabulario, tanto comprensivo como expresivo.
9. Enriquecer as estruturas sintácticas ata conseguir facelas máis complexas e adaptadas á idade que lle corresponde a cada alumno.
10. Acadar unha linguaxe funcional nos distintos contextos.
11. Detectar precozmente alteracións lingüísticas para intervir o antes posible.
12. Apoiar o currículo para acadar unha inclusión do alumnado no grupo-clase.
13. Fomentar o autoconcepto e autoestima do alumnado, prestando especial atención á regulación das emocións.
14. Mellorar a actitude do alumnado con dificultades condutuais.
15. Xeneralizar os obxectivos acadados aos contextos máis habituais do alumnado.
16. Colaborar co profesorado en todo o relacionado co desenvolvemento escolar do alumnado que presente neae ou nee.

3.2- Obxectivos específicos.

Os obxectivos específicos de cada caso en concreto irán recollidos nos distintos programas de intervención específicos de cada alumno. Estes programas serán elaborados polos mestres de AL tendo en conta o asesoramento da xefa do e a información proporcionada polos titores e especialistas e familia.

4.- Competencias clave.

O tratamento das competencias clave que se recollen na LOMCE será unha prioridade fundamental á hora de deseñar, implantar e avaliar este programa dado que vanlle permitir ao alumnado a aplicación, nos diferentes contextos, dos saberes que vaia adquirindo. Cada unha das áreas curriculares contribuirá ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias clave acadarase como consecuencia do

traballo en varias áreas ou materias. As competencias que están máis relacionadas son: comunicación lingüística; coñecemento e interacción do mundo físico; información e competencia dixital, social e cidadá, cultural e artística; aprender a aprender; autonomía e iniciativa persoal.

5.- Organización xeral dos apoios de AL. Planificación xeral das actividades.

Como novidade, este curso académico o centro conta cunha segunda profesora de audición e linguaxe itinerante e compartida co CEIP Pedro Barrié de la Maza. A súa base está no CEIP PL. O Mosteirón onde atenderá as necesidades do alumnado os luns, martes e venres.

Realizaranse actividades moi variadas en función das necesidades de cada caso, polo que resulta imposible estandarizalo e exemplificalo, aínda que nomeamos a continuación as actividades tipo realizadas frecuentemente:

- Actividades de introdución- motivación para provocar o interese no alumnado.
- Actividades de activación dos coñecementos previos para coñecer de onde parte o alumnado.
- Actividades de desenvolvemento (para coñecer os conceptos, habilidades, procedementos, actitudes, competencias adquiridas).
- Actividades de síntese-resumo (para facilitar a relación entre as distintas aprendizaxes favorecendo o enfoque globalizador).
- Actividades de consolidación, para contrastar as novas ideas coas previas.
- Actividades de recuperación, de ampliación e de avaliación.

Profesora AL 1 a tempo completo no colexio:

Os apoios de AL, pola súa especificidade e polo feito de que moitas veces se traballan aspectos propiamente non curriculares, lévanse a cabo, en todos os casos, fóra da aula ordinaria. En cada programa de intervención individual recóllese a modalidade do apoio que se realiza en cada caso. Cada alumno ten unha autorización da súa familia ou titores legais para que se realice esta intervención fóra da aula ordinaria. A tal efecto, o decreto 374/96 sobre o regulamento orgánico dos centro establece que excepcionalmente, en función das necesidades do alumnado e das adaptacións curriculares establecidas poderanse facer intervencións diferenciadas, debidamente temporalizadas, fóra da aula.

Tamén as familias asinaron unha autorización para o non emprego da máscara na aula de AL, tendo en consideración o [Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.](#) O traballo na aula de AL require dunha atención moi individualizada e personalizada na que resulta fundamental que tanto o mestre como o alumnado poidan visualizar en todo momento a boca e as expresións faciais o un do outro para poder traballar dunha forma significativa todos os elementos que conforman o ámbito de intervención no eido comunicativo-lingüístico. Resaltamos o feito de que en todo momento prima o ámbito de saúde e protección dos menores. Esta medida excepcional derivada dunha situación de pandemia paliarase con outras medidas estritas de hixiene que a continuación enumeramos:

- Lavado de mans con xabón e/ou con xel hidroalcohólico ao entrar e saír da aula.
- Distancia de seguridade.
- Emprego dunha mampara de plástico transparente (toldo) dende o teito ata o chan e ao ancho da clase, cun espazo no medio para a mesa de traballo e permitindo a visualización no espello. Outra mampara de metacrilato para dividir a clase en dous cando veñen por parellas.
- Desinfección da cadeira, da mesa, das mamparas e de todo o material que se puidese empregar despois de cada clase.
- Emprego de máscara transparente e/ou pantalla transparente por parte do mestre.
- Un espazo habilitado, desinfectado e con ventilación para que o alumnado deixe a máscara propia durante a sesión.

Profesora de AL 2 compartida co CEIP Pedro Barrié de la Maza:

Seguindo a normativa establecida no Protocolo Covid-19 para o curso 21-22, este ano o alumnado terá que facer uso de máscara transparente durante as clases de audición e linguaxe. A tal efecto, informouse ás familias e solicitouse autorización para as saídas á clases de AL así como un compromiso de traer e levar a máscara, responsabilizándose da súa hixienización.

6.- Metodoloxía.

Como profesionais da educación e partindo dunha axeitada avaliación, debemos ter sempre presente a importancia da prevención e a atención temperá. Haberá que ofrecerlle ao alumnado unha resposta educativa axeitada ás súas características, capacidades e necesidades, respectando o carácter normalizador e integrador implícito na LOMCE. Traballaremos para acadar unha aprendizaxe activa, significativa, funcional, buscando a

xeneralización das aprendizaxes, a través do xogo e de distintos materiais. Algunhas das pautas metodolóxicas son:

- Empregar a comunicación total entendida esta coma calquera forma de expresión e comprensión que facilite a comunicación co alumno.
- Incentivar e valorar calquera forma de expresión do alumno para motivalo cara outras intervencións.
- Axustarse o ritmo de aprendizaxe e as necesidades do alumnado.
- As actividades serán curtas e variadas coa intención de no cansar ao alumnado. Non pasaremos a actividades máis complexas ata non superar as máis sinxelas. Con isto quérese destacar o carácter secuencial da nosa intervención.
- Motivar ao alumnado para que vexa a súa aprendizaxe e os seus avances: aprendizaxe funcional e secuencial.
- Partir dos intereses e coñecementos do alumnado buscando unha aprendizaxe construtiva onde prime o gusto por aprender.
- Traballar sempre co obxectivo de mellorar a autoestima e o autoconcepto do alumnado.
- Utilizar apoio visual e material manipulativo na presentación dos exercicios.
- Empregar as novas tecnoloxías a as múltiples posibilidades que nos ofrecen coma un elemento motivador moi importante para o noso alumnado.

Tendo en conta que se poida producir a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo, do noso programa de intervención, da metodoloxía didáctica e da autonomía organizativa e pedagóxica. Por tanto, cómpre tamén facer referencia a que a metodoloxía de traballo pode variar dependendo da modalidade educativa que se puidese contemplar tendo en conta a situación de pandemia na que nos atopamos:

- o De xeito presencial: tal e como describimos ata agora.
- o De xeito semipresencial: como describimos ata agora; a través de envío e recepción de traballo por correo electrónico ou por videoconferencias con Webex.
- o De xeito non presencial: a través de envío e recepción de traballo por correo electrónico ou por videoconferencias con Webex.

7.- Organización de espazos, temporización e recursos.

A axeitada organización do espazo, tanto do centro como da aula, axudan a conseguir un contexto que facilite a aprendizaxe. Existe aula de AL. Nela contamos con material específico organizado por recunchos e mesas para o traballo individual do alumnado. Da mesma forma o colexio conta con diferentes recursos materiais funxibles para a posta en práctica dos distintos programas de intervención, así como material específico e bibliográfico para cada caso en concreto.

O espazo adaptouse, como xa se comentou, con medidas de seguridade para evitar posibles contaxios de Covid-19.

A temporalización das intervencións dos casos concretos xa está indicada no programa de intervención correspondente, aínda que cómpre resaltar que esta é unha medida que ten carácter revisable en función da evolución e das necesidades do alumnado. En xeral, as intervencións soen ser de medias sesións ou sesións enteiras.

En canto aos recursos humanos, o centro conta cos seguintes para a atención deste alumnado: titores e especialistas, DO (a orientadora, unha mestra de PT a tempo completo e unha mestra de AL trece horas semanais). Externos ao centro: EOE, inspección, centros de Educación Especial, CEFORE, ...

8.- Coordinación.

Para que exista un óptimo aproveitamento dos recursos debe existir unha actuación coherente e organizada entre os distintos profesionais: titores, PT, mestres de AL, orientadora, especialistas, familia e entorno (persoal docente, servizos externos, médicos, etc.). Esta coordinación farase a través dos órganos de coordinación docente, de reunións concretas e tamén grazas aos documentos de centro. Organizaranse tempos, espazos, medidas curriculares, pedagóxicas, atención á diversidade, ... No caso de que servizos externos que non teñan convenio coa Consellería requiran da nosa coordinación, terase que facer a través dunha solicitude ao centro por parte da familia e sempre en horario de atención ás familias.

9.- Avaliación. Procedementos e instrumentos. Seguimento.

Avaliación inicial ao comezo do curso para poder axustar a resposta educativa ás características e necesidades de cada alumno; avaliación psicopedagóxica por parte da orientadora e/ou EOE, avaliación inicial do mestre titor, avaliación inicial nosa como mestres de apoio).

Avaliación formativa, valorando os avances, as dificultades, motivación,...permitindo establecer a toma de decisións e mecanismos para mellorar de forma constante o proceso de ensino aprendizaxe.

E avaliación sumativa, nas tres sesións trimestrais de avaliación, para ver o grao de adquisición dos obxectivos e competencias clave.

Os instrumentos de avaliación serán as propias actividades de aprendizaxe, a observación, probas e cuestionarios escritos, etc. Todo isto recollerase nun diario persoal de rexistro e de seguimento do alumnado e nos respectivos informes ás familias que se acompañan xunto coas cualificacións das distintas áreas en cada un dos trimestres.

24. Plan anual de actividades extraescolares e complementarias.

Este ano fundamentamos a programación da dinamización no seguinte obxectivo:

- Incrementar o número de actuacións específicas de cara á promoción de hábitos saudables no noso alumnado.

Para a súa consecución presentamos as seguintes medidas:

- Introducción dos descansos activos no horario lectivo: milla diaria, actividade física na aula.
- Fomentar nas celebracións do centro actividades que impliquen o incremento do compromiso motor.
- Promover a alimentación saudable, sendo o centro escolar exemplo de boas prácticas nas celebracións, proporcionando alimentos e bebidas saudables como: auga, froita, lácteos sen azucre...
- Fomentar a alimentación saudable nas familias a través do tren de merendas do centro.

Así mesmo, continuamos coa intención de dotar ao alumnado de experiencias que contribúan á súa formación integral, tendo os valores do respecto, a solidariedade e a superación como guías neste proceso. Pretendemos que con estas propostas sexan capaces de empatizar coas situacións doutras persoas, que sexan conscientes de que se traballamos en conxunto é máis doado acadar os obxectivos, que aprendan que o esforzo é necesario para avanzar e que o FAIR PLAY ten que guiar as nosas accións e decisión para conseguir o benestar de toda a sociedade.

Polo tanto, tendo en conta estas consideracións e as propostas de mellora indicadas na memoria final do EDACE do curso pasado, as actividades propostas para este curso escolar dende esta dinamización son:

MES	DÍA	NIVEL/ CICLO	ACTIVIDADE	EQUIPO ORGANIZADOR
OUTUBRO	19 ao 22	TODOS	Carreira ENKI	ACE
DECEMBRO	20- 21	TODOS	Fin de trimestre	TODOS
XANEIRO	30	TODOS	Día da Paz: Olimpíadas no tempo.	ACE
XUÑO	22	TODOS	Fin de curso	TODOS

Ademais destas conmemoracións, continuaremos co desenvolvemento dos Patios Dinámicos, nos que fomentaremos o emprego de dinámicas de grupo que impliquen á meirande parte do alumnado, centrando o interese especialmente nos nenos e nenas que teñan máis problemas de socialización.

Tamén co obxectivo de dotar ao alumnado de materiais para o tempo de lecer, presentamos unha proposta na que, en función dos espazos, o alumnado disporá dunha caixa con xogos e materiais deportivos, fomentando o incremento da actividade física no tempo de lecer.

Esta programación é aberta e flexible, polo que se atopamos algunha actividade que teña relación cos obxectivos acordados e que poida realizarse, cumprindo os protocolos do plan de adaptación ao Covid-19.

Dende 3º e 4º tense previsto realizar as seguintes saídas:

- Corax
- Museo Belas Artes.

Dende 5º téñense previsto facer as seguintes saídas:

Terceiro trimestre: Marcelle.

Segundo trimestre: Museo de Belas Artes.

Primeiro trimestre: Castelo de San Antón.

Dende e 6º téñense previsto facer as seguintes

Terceiro trimestre: CEIDA Emerxencia climática.

Segundo trimestre: Museo de Belas Artes de A Coruña, Un Percorrido Pola Historia.

Primeiro trimestre: CEIDA Illa e Castelo de Santa Cruz.

25. Biblioteca escolar:

a. Plan anual de lectura.

1. Obxectivos

Este documento recolle as necesidades actuais relacionadas coa lectura, as medidas que se están a realizar e a súa avaliación.

Actualmente o centro está inmerso no PLAMBE dende o curso 2017/2018, asegurando un cambio importante no funcionamento da biblioteca escolar, así como os seus recursos e a súa dinamización.

Toda a comunidade educativa está involucrada no desenvolvemento eficaz da biblioteca.

En canto ao noso alumnado, como norma xeral, as familias están implicadas na educación dos seus fillos e valoran o ensino regrado como punto base para o futuro dos nenos e nenas.

O alumnado deste centro presenta unhas características singulares tales coma un uso importante da lingua castelá, unha situación socioeconómica e cultural media e nalgúns casos alta e coa posibilidade de acceder a diferentes actividades de ocio fóra do colexio.

O noso alumnado, polo xeral, ten un bo nivel lector e na maioría dos casos hai unha estimulación positiva por parte das familias. Non obstante, observase que cada ano, outros elementos interfieren negativamente no tempo de lectura do alumnado, como pode ser, por exemplo, o uso das pantallas e videoxogos.

A comprensión lectora dos textos tamén é bastante boa. No caso do alumnado con dificultades no razoamento, comprensión ou lecto-escritura, trátase de favorecer o proceso de comprensión lectora facilitándolles libros axeitados ás súas capacidades e necesidades.

Poténciase moito a lectura a nivel de biblioteca de aula, con intercambio de libros entre eles, facendo un seguimento rigoroso e temporalizado de cada libro lido.

Nótase unha certa preferencia nos alumnos en coller libros escritos en castelán. Incídese neste tema recomendando a alternancia de lecturas en castelán e galego para poder así acadar as mesmas competencias nas dúas linguas; e tamén motivando ós nenos/as a coller libros en inglés, dado o carácter plurilingüe do centro.

Os obxectivos do centro están divididas nas seccións establecidas nas instrucións de principio de curso de setembro 2021.

A biblioteca como “centro creativo das aprendizaxes”

a. Fomentar a transversalidade do PDI como eixe vertebrador das actividades de centro:

- Actividades ALFIN para a busca de información relacionado coa historia.
- Formación do alumnado nas actividades de mantemento, orde e localización dos libros.
- Obradoiros de contos e escritura histórica.
- Recursos relacionados coa temática.

- b. Garantir unha variedade de recursos bibliográficos e dixitais relacionados cos contidos do currículo ou puntos de interese do alumnado.
 - Caixa de suxestións
 - Recomendacións lectoras
 - Aportacións do equipo docente e do alumnado para a selección de libros e recursos a mercar.
 - Ampliar a dotación de libros sobre a historia da humanidade
 - Selección de recursos segundo as necesidades académicas e emocionais

- c. Facilitar oportunidades para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa lectura, ao acceso ao coñecemento e a cultura en xeral.
 - retos
 - Semana do libro; Encaixacontos
 - Busca de tesouro
 - Concursos

- d. Crear un espazo STEAM para o desenvolvemento das actividades de investigación
 - robótica
 - creatividade
 - teatro
 - mesa de luz
 - Recuncho informático
 - Chroma
 - audioteca

- e. Desenvolver a competencia informacional a través de recursos TIC como ferramenta didáctica:
 - realidade aumentada
 - busca de información
 - tablets
 - robótica
 - Códigos QR

- f. Continuar coa creación dunha biblioteca inclusiva
 - sinalización con pictogramas
 - deseño de actividades axeitada ao alumnado NEAE
 - inclusión en patios dinámicos
 - continuar coa ampliación de libros axeitados
 - ampliación de xogos de mesa axeitados

- g. Programar actividades para o fomento da lectura dos diferentes xéneros literarios;
 - visitas de autores e autoras.
 - obradoiros de escritura

- teatros
 - apadriñamento lector
 - Hora de ler
 - Itinerario lector
 - mochilas viaxeiras
 - maletas viaxeiras dende a asesoría de bibliotecas escolares
- h. Traballar de forma coordinada cos diversos programas
- E-dixgal
 - Contratos programa (Convive-T, EduSaude, Innova-T, Plan Proxecta: Paisaxe e sustentabilidade)
 - PFPP
- i. Colaborar coa radio da escola;
- podcasts
 - recomendacións
 - Anunciar as novidades da biblioteca
 - Lectura de contos
 - Entrevistas
- j. Diseñar actividades de formación ao lector relacionadas coas materias de libre configuración
- Oralidade; teatro, Kamishibai
 - Hábitos Saudables; ampliación de recursos, investigacións, dotación de bicis para a lectura, libro cociñeiro.

Organización da biblioteca escolar:

- a. Actualizar os documentos de centro relativos á biblioteca
- Plan Anual de Lectura.
- b. Continuar informando ao alumnado e as súas familias
- boletíns de novidades
 - redes sociais
- c. Coordinar co equipo docente as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto lector de Centro
- Actividades e recursos para a Hora de Ler
 - posta en marcha do Apadriñamento Lector
 - favorecer o desenvolvemento do itinerario lector mediante teatros e contacontos que favorezan a comprensión lectora do alumnado.
- d. Seleccionar os días de conmemoración por parte da biblioteca que den a oportunidade de formar ao alumnado como lectores e escritores relacionados coa Axenda 2030 da ONU.
- Semana do libro
 - Día do medio ambiente (5 xuño)
 - Día internacional da diversidade (3 decembro)
 - Día da muller (8 marzo)
 - Paz (30 xaneiro)
 - día dereitos infantil (20 novembro)
 - Día da muller e a na nena na ciencia (11 febreiro)

Xestión técnica e patrimonio bibliográfico

- a. Continuar coa ampliación da sección de materias.
- b. Continuar coa labor de expurgo.
- c. Crear unha “biblioteca histórica” cos libros que poden ser de interese ao alumnado.

Covid- 19

- a. Planificar actividades no escenario de actividade non presencial que poidan recoller os obxectivos e actividades recomendadas no Plan Anual de Lectura;
 - contacontos virtuais por parte de profesorado e alumnado
 - vídeo recomendacións
 - retos
 - Busca de información
 - Xogos virtuais
- b. Comunicar as actividades utilizando a páxina web do centro.
- c. Adaptar á biblioteca á nova situación sanitaria;
 - marcar cadeiras e mesas
 - Desinfección dos espazos utilizados
 - Protocolo COVID.
 - Normas de funcionamento no taboleiro da entrada

Os obxectivos xerais para o alumnado son os seguintes:

- Empregar a lectura como instrumento para a construción persoal de saberes, para organizar o propio pensamento e para aprender a resolver conflitos e a convivir.
- Garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden acadar cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.
- Capacitar ao alumnado para saber enfrontarse a calquera tipo de texto: literario, informativo, científico...
- Dotar ao alumnado de posibilidades de manipular indistintamente as dúas linguas oficiais da comunidade, o galego e o castelán, atendendo tamén a inmersión nas linguas estranxeiras.
- Considerar a biblioteca do centro como lugar de lectura, fonte de información e aprendizaxe, facendo que sexa un espazo necesario no transcorrer diario do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Espertar nos nosos alumnos o gusto pola lectura de todo tipo de textos.
- Asegurar que o alumnado ao final da etapa de Educación Primaria teña adquirido o hábito lector e que conte coas estratexias necesarias para considerárense bos lectores.
- Formar lectores que acaden autonomía na aprendizaxe.

2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA E PARA O TRABALLO COA INFORMACIÓN

A biblioteca atópase no segundo andar do edificio, accesible por escaleiras ou ascensor. O espazo permite variacións debido ao seu gran tamaño, os anexos dos que dispón así como o mobiliario polivalente.

A biblioteca ten aproximadamente 100m cadrados dividido nunha ampla zona literarias que está dividida nas seguintes seccións:

- zona azul (de 3 a 6 anos)
- Zona vermella (de 6 a 8 anos)
- Zona verde (de 8 a 12 anos)
- Zona Amarelo - materias (libros de información)
- Zona rosa - cómics
- Zona verde claro - libros de lingua estranxeira; inglés.

Ademais, conta cos seguintes apartados

- Zona de TIC; con 2 ordenadores e tablets para a busca de información.
- Zona de ludoteca no espazo exterior con xogos de mesa, cartas, parede de Lego...
- Zona de STEAM con mesa de luz, audioteca, recursos creativos, recursos robótica....

No centro da biblioteca contamos cun mostrador no que se sitúan cintas de vídeo, D.V.D, C.D; así como material elaborado polo alumnado.

A biblioteca é tamén un dos lugares no que se poden realizan proxeccións, posto que nela está ubicada unha pantalla, e atópanse rexistrados, nun apartado especial, un amplo número de cintas de vídeo, D.V.D. e material didáctico que é empregado como apoio educativo nas diferentes áreas e clases.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

A continuación expóñense as liñas prioritarias elaboradas en xuño do curso 2020/2021 polo equipo da biblioteca.

Organización e xestión da biblioteca

As necesidades, así como os gustos e intereses do noso alumnado cambia ano tras ano. A biblioteca continuará coa labor de actualizar os recursos tanto impresos como dixitais.

- Constituír o equipo de biblioteca contando coa incorporación de profesorado de diferentes niveis e etapas educativas.
- Organizar o horario da biblioteca para que todas as titorías dispoñan dunha visita semanal e, se é posible, coa presenza dun membro do equipo dinamizador.
- Elaborar guías tutoriais para o profesorado e o alumnado para o uso da biblioteca, localización de libros e o uso do programa MEIGA.
- Actualizar o alumnado lector, dando de baixa o alumnado que non está no centro e de alta ás novas incorporacións.
- Formar ao alumnado de 6º de educación primaria para a actualización do blogue da biblioteca.
- Ampliar os fondos bibliográficos en galego.
- Ampliar os recursos de carácter informativo en diversos formatos.


- Continuar coas labores de catalogación e expurgo.
- Creación dunha zona STEAM na galería.
- Ampliar a oferta de aplicacións nas tablets, incluíndo recursos de realidade aumentada.
- Continuar coa exposición de libros en relación coas actividades, temáticas e conmemoracións de centro.
- Continuar informando á comunidade educativa das novidades mediante os boletíns e as redes sociais.
- Continuar co horario de apertura ata as 17.20.

Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca

- Continuar sendo eixe vertebrador do **Proxecto Documental Integrado** de centro, sendo este ano **A Maquina do tempo do Mosteirón** baseado na historia da humanidade.
- Aumentar as actividades e recursos STEAM así como a zona de Chroma e ludoteca, sempre que a situación covid o permita.
- Fomentar as actividades de desenvolvan as competencias básicas.
- Continuar coa realización de actividades de robótica.
- Incorporar a radio nas actividades da biblio (contacontos, recomendacións por parte de toda a comunidade educativa, podcasts)
- Continuar co emprego da mesa da luz, teatrillo, kamishibai para actividades de animación á lectura e oralidade.
- Fomentar o emprego da tablet e ordenadores con aplicacións axeitadas para a súa aprendizaxe.
- Comezar, cando a situación sanitaria o permite, a empregar o bibliopatio preparado coa finalidade de estender as zonas de lecturas fomentando así a lectura lúdica.
- Continuar coas mochilas viaxeiras como actividade de lectura en familia co fin de fomentar o hábito lector.
- Solicitar as maletas viaxeiras de biblioteca creativa, inclusión e matemáticas dende a Asesoría de Bibliotecas Escolares co fin de
- Continuar co apadriñamento lector como actividade de enriquecemento e motivación para o alumnado.

Formación de usuarios e a adquisición da competencia informacional

- Diseñar actividades que ofertan oportunidades para poñer en prácticas e busca de libros e recursos concretos.
- Formar ao alumnado e profesorado sobre a utilización correcta da biblioteca así como a localización dos recursos.
- Promover a realización de traballos documentais en datas sinaladas e conmemoracións.
- Participar en actividades de formación relacionados coa biblioteca.
- Inaugurar a biblioteca cunha actividade de formación de usuario.
- Retomar o grupo de alumnado voluntario e axudantes de bibliopatio en canto a situación sanitario o permita.



- Realización de vídeo presentación da biblioteca, os seus servizos e espazos.
- Potenciar o uso de MEIGA dende a casa.

Fomento da lectura e proxecto lector de centro (lectura, escritura, tratamento de información)

- Continuar coa **Hora de Ler**, facilitando recursos e actividades ao profesorado (por exemplo, recomendación de libros)
- Promover a lectura, contando coa implicación das familias con actividades tales como mochilas viaxeiras, libros viaxeiros, recomendacións ...
- Organizar visitas de autores e/ou ilustradores, contacontos, especialmente de autores dos libros do itinerario lector.
- Solicitar participar no programa de clubs de lectura
- Realización de obradoiros de escritura creativa
- Aumentar as actividades de búsqueda de información
- Potenciar a lectura mediante a opinión do resto do alumnado, creando bibliotrailers ou valoracións de libros recomendados.
- Galardoar ao alumnado máis lector de cada trimestre.

Avances cara a unha biblioteca inclusiva

- Continuar coa inclusión de libros relacionados coa temática (diferentes necesidades educativas, emocionais.....)
- Incorporar apoios visuais coa axuda de pictogramas relacionados cos carteis da biblioteca (normas, información, espazos...)
- Aumentar a adquisición de audiolibros

Outras accións

- Incluír un buzón de suxestións físico e dixital (na páxina web do centro)
- Creación dunha sección libros para o profesorado
- Creación dunha sección para as familias.

Criterios e procedementos de avaliación (instrumentos e indicadores que se van a utilizar)

- Enquisa ao alumnado e profesorado.
- Porcentaxes de alumnado que emprestou libros.
- Valoración do profesorado das actividades realizadas pola biblioteca.

4. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas:

a. Actividades na hora da biblioteca ou na Hora de ler

Cada aula conta cunha **biblioteca de aula** con libros escollidos polo profesorado e guiado polo equipo de biblioteca. Estes libros serán renovados, como mínimo, cada trimestre e sempre atendendo aos intereses e necesidades académicos e emocionais do alumnado.

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Programación Xeral Anual 2021.22

No curso 2018/2019, estableceuse a **Hora de ler** que consista nunha hora diaria para o desenvolvemento de actividades de lectura de forma colectiva ou individual tanto en Educación primaria como en infantil. A hora de ler é de 20 minutos despois do tempo de lecer, nel que está involucrado todo o profesorado tanto titores como especialistas atendendo deste xeito ás tres linguas do centro plurilingüe. As actividades

Establécese cada ano un **horario de biblioteca** para que cada titoría poda acudir, como mínimo, unha hora á semana contando, se se prefire, coa presenza dun membro do equipo da biblioteca. Neste tempo realízase o préstamos de libros, actividades de formación de usuario, actividades de animación á lectura e investigación relacionadas co PDI ou traballos de aula.

O alumnado tamén pode acudir á biblioteca durante o tempo de lecer. Este curso, debido ao protocolo COVID, o alumnado só poderá acudir aos espazos coa súa titoría os días establecidos no calendario do tempo de lecer. Neste tempo o alumnado utiliza os recursos dixitais e bibliográficos para a lectura e investigación. Grazas á presenza dos membros do equipo durante este tempo, pódense realizar actividades relacionadas con diversas conmemoracións, obradoiros de escritura e lectura e recomendacións literarias.

O préstamo de libro comeza en 1º de educación primaria tras a inauguración da biblioteca cun acto relacionado co PDI do centro. En ocasións, o equipo de biblioteca prepara unha variedade de contos ou libros de información que recollen as necesidades da aula ou ben os intereses do alumnado. Cada alumno/a pode levar un máximo de dous libros durante un período de 15 días.

b. Actividades de lectura compartida (acompañamentos lectores, lectura en parella....)

Continúase coa implantación programa do **apadriñamento Lector**. Para atender ás medidas actuais da pandemia, este curso o apadriñamento desenvólvese dun xeito virtual. As clases participan creando un vídeo de contacontos ou teatro que serán compartidas co resto do alumnado na hora de ler.

Este curso propónse realizar unha actividade de contacontos en parella ou pequenos grupos na **radio escolar** relacionados coas conmemoracións do centro; Samaín, Día de no violencia, nadal.....

En xeral, as actividades de animación á lectura e comprensión lectora desenvólvense do seguinte xeito:

Antes da lectura:

- Observación e lectura da portada (título, autor/a, ilustrador/a)
- Coñecementos previos
- Formulación de hipóteses sobre o contido do conto.

Durante a lectura:

- Comprensión do contido do conto.
- Relación sobre os coñecementos previos e a nove información.

Despois da lectura:

- Actividades de comprensión
- Talleres de escritura



5. Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura.

O equipo da biblioteca está formada por 6 mestres e mestras das dúas etapas educativas do centro:

O equipo reúnese de forma periódica para a planificación. Cada membro conta con, ao menos, unha hora á semana para desenvolver traballos necesarios para o bo funcionamento da biblioteca así como para levar a cabo actividades de fomento e animación á lectura, investigación, formación e asesoramento.

Na actualidade o horario dos membros do equipo da biblioteca é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª					
2ª			Tania	Tania	Patricia Tania
3ª			Jose	Patricia María	
4ª		María Tania	Lara		Melisa
5ª					

O horario de visitas por tutorías é a seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª				1ºA	6ºA
2ª				4ºA	5ºA
3ª				3ºB	5ºB
4ª	2ºA	6º INFANTIL	4º INFANTIL	4ºB	5º INFANTIL
5ª		2ºB	3ºA	6ºB	1ºB

6. ITINERARIOS LECTORES

En educación infantil non se establecen libros de itinerario lector senón utilízanse lecturas de diferentes xéneros de forma globalizada. O alumnado realiza un préstamo semanal, baseándose no libro para redactar un pasaporte de lectura que contén a información básica dun libro; as partes dun libro (título, autor/a), número de páxinas e a súa calificación.

En educación primaria os libros escollidos atenden á diversidade de xénero que ofrece o mundo literario así como as dúas linguas. Quedan establecidos os seguintes títulos que serán traballados na aula con posterior traballo:

1º Educación Primaria

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
O Cociñeiro Martiño e as cenorias desaparecidas.	Iago López	Xerais
Rapunzel con piojos.	El Hematocrito.	Anaya

2º Educación Primaria:

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
As fábulas de Esopo	Xosé Ballesteros	Kalandraka
Isadora Moon celebra su cumpleaños.	Harriet Muncaster	Alfaguara

3º Educación Primaria:

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
Animalotes	Aaron Blabbey	Anaya
Pioneiras	Anair Rodríguez	Xerais

4º Educación Primaria:

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
Lo que dice el viento.	Carlos Reviejo.	Anaya
Cambiache o conto	Pinto e Chinto	Xerais

5º Educación Primaria:

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
Somos Os Monstros	Paula Carballeira	Xerais
El enigma del viajero”.	Lola Núñez.	La esfera Kids

TÍTULO	AUTORES /AS	EDITORIAL
Conra nove estrelas	Andrea Maceiras	Xerais
Tintín en el Tibet	Herge Cantone	Juventud

7. Actividades programadas e temporizadas:

Os días de conmemoración por parte da biblioteca que den a oportunidade de formar ao alumnado como lectores e escritores relacionados coa Axenda 2030 da ONU. As propostas estarán temporizadas do seguinte xeito:

1º TRIMESTRE		
SETEMBRO / OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
<p><u>Inauguración / PDI:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - formación de usuario (CDU, ubicación) <p>-Mochilas viaxeiras</p> <p>-Maleta viaxeira de matemáticas.</p> <p>- Maleta viaxeira de primaria.</p> <p>- Boletín novidades</p> <p><u>Samaín</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apertura de zona STEAM. - Maleta viaxeira de ciencias. <p>PDI:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comezo de Contacontos prehistóricos - Boletín novidades 	<ul style="list-style-type: none"> - Maleta viaxeira de Bibliotecas Inclusivas <p><u>Nadal:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Recomendacións lectoras. - Contacontos <p><u>Día da diversidade:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Exposición libros

2º TRIMESTRE		
XANEIRO	FEBREIRO	MARZO
<ul style="list-style-type: none"> - Maleta viaxeira de creatividade. <p><u>Día da Paz</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - os grandes loitadores da historia. - Exposición libros paz. 	<ul style="list-style-type: none"> - Día da muller e a nena na ciencia 	<p>8 Marzo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Investigación “mulleres da nosa historia” - Exposición libros

3º TRIMESTRE		
ABRIL	MAIO	XUÑO
Semana do libro: - EnCAIXAcontos	- Día das letras galegas - Bibliopatio	Día do medio ambiente: - O cambio climático na liña do tempo

8. Recursos e materiais

A biblioteca do centro conta cos seguintes recursos:

Libros: narrativa, consulta, comics, libros en inglés.

TIC: 2 ordenadores de mesa e 2 tabletas para a busca de información

RRSS: Web do centro, Instagram

Xogos: Variedade de xogos de mesa na Ludoteca e parede de LEGO

Zona STEAM: mesa de luz, zona robótica, espazo creativo.

Zona Oralidade: Kamishibai, tela chroma e teatrillo.

9. LER EN FAMILIA

A biblioteca do centro ten un horario que permite ao acceso ás familias durante as gardas de tarde do profesorado.

As actividades deseñadas para fomentar a lectura nas casas son as seguintes:

- Mochilas viaxeiras
- Pasaporte de lectura (Infantil)
- Recomendacións lectoras
- Boletíns mensuais
- Páxina web
- Instagram
- Creación da comisión da biblioteca
- Creación dunha sección de libros da “escola de familias”

AVALIACIÓN:

Avaliaranse os seguintes aspectos relacionados co funcionamento da biblioteca:

- Número de préstamos realizados por curso académico
- Adecuación das actividades programadas polo equipo de biblioteca

- Implicación do alumnado nas actividades propostas

Procedementos de avaliación:

- Rexistro de número de préstamos

Enquisas para os titores:

- ★ Resúltache doado atopar un libro de lectura (contos)?
- ★ Resúltache doado atopar un libro de materia (información)?
- ★ Das seguintes actividades, en cales participaches? (Pódese escoller máis dunha opción)
- ★ Valoración das actividades
- ★ Foi posible seguir o horario da visita semanal á biblioteca?
- ★ Resultan útiles os materiais da biblioteca para o teu traballo na aula?
- ★ -Está a biblioteca integrada nas actividades curriculares?
- ★ Resúltache doado acceder o programa MEIGA para os préstamos e devolucións de libros?
- ★ Estarías interesado/a en recibir formación sobre o uso do programa MEIGA?
- ★ A biblioteca dispón de espazo e equipamentos adaptados as necesidades do alumnado?
- ★ Dispós de biblioteca de aula?
- ★ Resúltanche útiles as recomendacións mensuais?
- ★ Está adaptada ás necesidades dos docentes?
- ★ Que outras actividades incluírías?
- ★ Que temática precisamos máis libros para a sección de materias?

Enquisas para o alumnado:

- ★ Gústache acudir á biblioteca?
- ★ Resúltache doado atopar un libro de lectura (contos)?
- ★ Que temática de libros che gustaría ter na biblioteca?
- ★ Resúltache doado atopar un libro de materia (información)?
- ★ Dispós de tempo para o préstamo de libros na biblioteca?
- ★ Dispón a biblioteca de diferentes espazos para..... (pódese escoller varias opcións)
- ★ Tedes unha biblioteca de aula?
- ★ Participación nas actividades
- ★ Valoración das actividades
- ★ Que tipo de actividades che gustaría facer na biblioteca?

As conclusións das enquisas e da avaliación final incluíranse na memoria de final de curso para a súa utilización o vindeiro curso.

b. Proposta para o curso 2021.22.

Os obxectivos baséanse no Orde do 25 de maio do 2020 do Plan de Mellora Das Bibliotecas Escolares e as instrucións de setembro do 2021.

Os obxectivos divídense nas seccións especificadas en dito documento.

A biblioteca como “centro creativo das aprendizaxes”

- a. Fomentar a transversalidade do PDI como eixe vertebrador das actividades de centro:
 - Actividades ALFIN para a busca de información relacionado coa historia.
 - Obradoiros de contos e escritura histórica.
 - Recursos relacionados coa temática.

- b. Garantir unha variedade de recursos bibliográficos e dixitais relacionados cos contidos do currículo ou puntos de interese do alumnado.
 - buzón de suxestións
 - recomendacións lectoras
 - Aportacións do equipo docente e do alumnado para a selección de libros e recursos a mercar.
 - Ampliar a dotación de libros sobre a historia da humanidade
 - Selección de recursos segundo as necesidades académicas e emocionais

- c. Facilitar oportunidades para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa lectura, ao acceso ao coñecemento e a cultura en xeral.
 - retos
 - Semana do libro; Encaixacontos
 - Busca de tesouro
 - Concursos

- d. Crear un espazo STEAM para o desenvolvemento das actividades de investigación
 - robótica
 - creatividade
 - teatro
 - mesa de luz
 - Rincón informático
 - Chroma

- e. Desenvolver a competencia informacional a través de recursos TIC como ferramenta didáctica:
 - realidade aumentada
 - busca de información
 - tablets
 - robótica
 - Códigos QR

- f. Continuar coa creación dunha biblioteca inclusiva
 - sinalización con pictogramas
 - deseño de actividades axeitada ao alumnado NEAE
 - inclusión en patios dinámicos
 - continuar coa ampliación de libros axeitados

- ampliación de xogos de mesa axeitados

- g. Programar actividades para o fomento da lectura dos diferentes xéneros literarios;
 - visitas de autores e autoras.
 - obradoiros de escritura
 - teatros
 - apadriñamento lector
 - Hora de ler
 - Itinerario lector
 - mochilas viaxeiras
 - maletas viaxeiras dende a asesoría de bibliotecas escolares

- h. Traballar de forma coordinada cos diversos programas
 - E-dixgal
 - Contratos programa (Convive-T, EduSaude, Innova-T, Plan Proxecta: Paisaxe e sustentabilidade)
 - PFPP

- i. Colaborar coa radio da escola;
 - podcasts
 - recomendacións
 - Anunciar as novidades da biblioteca
 - Lectura de contos
 - Entrevistas

- j. Diseñar actividades de formación ao lector relacionadas coas materias de libre configuración
 - Oralidade; teatro, Kamishibai
 - Hábitos Saudables; ampliación de recursos, investigacións, dotación de bicis para a lectura, libro cociñeiro.

Organización da biblioteca escolar:

- a. Actualizar os documentos de centro relativos á biblioteca
 - Plan Anual de Lectura.

- b. Continuar informando ao alumnado e as súas familias
 - boletíns de novidades
 - redes sociais

- c. Coordinar co equipo docente as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto lector de Centro
 - Actividades e recursos para a Hora de Ler
 - posta en marcha do Apadriñamento Lector
 - favorecer o desenvolvemento do itinerario lector mediante teatros e contacontos que favorezan a comprensión lectora do alumnado.

- d. Seleccionar os días de conmemoración por parte da biblioteca que den a oportunidade de formar ao alumnado como lectores e escritores relacionados coa Axenda 2030 da ONU.
 - Semana do libro
 - Día do medio ambiente (5 xuño)

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Programación Xeral Anual 2021.22

- Día internacional da diversidade (3 decembro)
- Día da muller (8 marzo)
- Paz (30 xaneiro)
- día dereitos infantil (20 novembro)
- Día da muller e a na nena na ciencia (11 febreiro)

Xestión técnica e patrimonio bibliográfico

- a. Continuar coa ampliación da sección de materias.
- b. Continuar coa labor de expurgo.
- c. Crear unha “biblioteca histórica” cos libros que poden ser de interese ao alumnado.

Covid- 19

- a. Planificar actividades no escenario de actividade non presencial que poidan recoller os obxectivos e actividades recomendadas no Plan Anual de Lectura;
 - contacontos virtuais por parte de profesorado e alumnado
 - vídeo recomendacións
 - retos
 - Busca de información
 - Xogos virtuais
- b. Comunicar as actividades utilizando a páxina web do centro.
- c. Adaptar á biblioteca á nova situación sanitaria;
 - marcar cadeiras e mesas
 - Desinfección dos espazos utilizados
 - Protocolo COVID.
 - Normas de funcionamento no taboleiro da entrada

Avaliación

Ao final de curso realizarase unha avaliación do grao de consecución dos obxectivos por parte de toda a comunidade educativa utilizando enquisas.

26. Tecnoloxías da información e comunicación.

Dende o equipo TIC preténdese

- a. Máis participación da xente para aproveitar ao máximo os recursos TIC que ofrece o colexio (aula TIC, carros tabletas, radio escolar, croma, robots, etc.)
- b. Pasar as producións audiovisuais ao equipo TIC para colgar na páxina web do colexio ou vincular os distintos contidos.
- c. Dinamizar actividades nas que se empreguen as TIC.
- d. Poñer en funcionamento o proxecto edixgal.
- e. Dar un impulso ao emprego da radio escolar e estruturalo en base a programas con temporalidade concreta.

Durante este curso levarase a cabo:

- Presentación do proxecto de centro “A máquina do tempo do Mosteirón” por parte dos mestres/as. Caracterizaranse e iran facendo un recorrido polo tempo e presentarán as normas covid.
- Gravación dun vídeo dos nenos e nenas dos distintos niveis e aulas explicando o que saben agora mesmo (a inicio de curso) da etapa histórica que lles tocou. Tipo o programa “Os Gallifantes”. Con ese material facemos unha liña temporal audiovisual que as familias poidan ver e intentar adiviñar que están explicando. A final de curso facemos a mesma gravación e así constatar os avances que fixeron ao longo do curso dos contidos traballados ao longo do curso.
- Na radio escolar poden facer colaboración (entrevistas, reportaxes, documentais, etc) relacionados co PDI.
- Actividade arredor do 8 de marzo de 2021.
- Vídeo de nadal.

27. Addenda do proxecto lingüístico.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do C.E.I.P. Plurilingüe O Mosteirón foi constituído en claustro

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Programación Xeral Anual 2021.22

o día 1 de Setembro e formalmente en reunión do propio equipo día 3.

BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

Compre destacar que segundo enquisas feitas en cursos anteriores podemos interpretar que:

1. As familias falan en castelán cos fillos e no seu traballo.
2. Os avós falan as dúas linguas nunha porcentaxe similar.
3. Con respecto á fala, a relación dos alumnos/as con todos os membros da familia e cos amigos/as é, case exclusivamente en castelán.
4. En canto a lectura, as familias len maioritariamente publicacións en castelán, e os fillos/as responden o mesmo, aínda que todos len, algunha vez publicacións en galego.
5. Algúns/has nenos/as compran e escoitan música en galego, pero a gran maioría nunca
6. Maioritariamente, a lingua que falan con máis soltura é o castelán, aínda que responden que entenden ben o galego.
7. A maioría resposta que escriben e len mellor en castelán.

De todo isto, podemos concluír que a lingua vehicular do noso alumnado é o castelán.

-Contorna sociolingüístico do centro

O Centro Plurilingüe “O Mosteirón” está situado no concello de Sada, provincia de A Coruña. Neste concello pódense distinguir dúas zonas: unha urbana, en continuo crecemento e cunha elevada densidade de poboación e unha zona rural cunha densidade de poboación máis baixa comprendida por numerosas parroquias.

Aínda que a localización deste centro coincide basicamente con zona rural, a case totalidade dos alumnos chegan de ambientes urbanos, sendo o castelán a lingua utilizada pola súa maioría.

- Situación do profesorado

Aínda que no ámbito de relación entre o profesorado, a lingua empregada é case na súa totalidade o castelán. Cabe salientar o papel dos docentes como mediadores activos en favor da lingua, e a prol do proceso de normalización e dinamización desta.

Cabe salientar que o profesorado deste centro posúe unha sólida formación en ambas as dúas linguas oficiais de Galicia, o galego e o castelán.

- Situación do alumnado

Dáse unha maior porcentaxe de alumnado de procedencia galega, aínda que tamén existe alumnado procedente doutras autonomías e outras nacionalidades.

A gran maioría do noso alumnado, por non dicir case a totalidade, fala en castelán.

Dáse o caso de algún alumnado cuxa lingua materna era o galego que ao ser escolarizado acabou falando en castelán.

-Situación lingüística do centro

No ámbito administrativo, todos os documentos administrativos, de xestión e circulares informativas que se lles mandan ás familias están redactados en galego:

En relación coa ANPA todos os documentos que nos achegan están redactados en galego e en castelán. Segundo O Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia, o profesorado de Educación Infantil emprega na alula a lingua materna predominante entre o alumnado, que no noso caso é o castelán, favorecendo e procurando que o alumnado adquiera o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia

En educación primaria emprégase o galego nas seguintes materias: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Relixión e valores.

Este curso existe unha modificación en canto ás materias que se imparten en lingua estranxeira:

Impartirase Educación Musical nos 1º,2º,3º,e 4º niveis, Educación Plástica en todos os niveis de primaria e Educación Física nos 3º.4º.5º.e 6º niveis

OBXECTIVOS DO EQUIPO DE EDLG

- Empregar o galego como lingua oficial e vehicular do centro.
- Potenciar o uso da lingua galega, tanto oral como escrita, por medio de actividades lúdicas.
- Incrementar o uso do galego a través da elaboración e adquisición de diferentes tipos de materiais.
- Acercar ao alumnado ao acervo cultural mediante as festas tradicionais e os xogos populares.
- Aproximar ao alumnado ás diferentes manifestacións do noso folclore tradicional.
- Desenvolver a imaxinación e creatividade escrita en galego.
- Fomentar o gusto pola lectura en galego.
- Aproximar ao alumnado á literatura galega.
- Participar no PDI do centro
- Potenciar o uso do idioma en contextos informais.
- Utilizar a lingua galega no uso das Tics.
- Coñecer e valorar a nosa historia, literatura, tradicións...
- Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.
- Traballar a prol da normalización do uso da lingua galega na vida diaria e cotiá.
- Promover unha visión afable, moderna e útil do idioma galego.
- Editar en galego todas as publicacións que se fagan no centro.
- Coordinarnos co equipo de biblioteca e os diferentes mestres para ter ben dotadas de libros en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula, fomentado o seu uso e a súa lectura.
- Recuperar e potenciar as festas e xogos populares.
- Elaborar materiais didácticos referidos ás festas tradicionais para o seu aproveitamento posterior, tanto nas aulas como na biblioteca.
- Colaborar coas distintas comisións do centro: Equipo de Biblioteca, Tics, equipo de Actividades Extraescolares e equipo de Plurilingüístico
- Colaborar con distintas asociacións do concello.
- Colaborar cos centros educativos da contorna.
- Colaborar co Concello de Sada.
- Colaborar coa radio escolar, utilizando esta para facer varias entrevistas.

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES A REALIZAR NESTE CURSO 2021/22

ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PDI DO CENTRO

*Centenario do nacemento da artista galega Carmen Arias de Castro “Memina” :

Expoñer a mostra que fixeron desta artista dende o EDLG do IES Isaac Díaz Castro de Sada para introducir a faceta creativa desta pintora, creadora de xoias e decoradora de porcelana de Sargadelos para que despois o noso alumnado plasme a súa propia interpretación da obra desta artista

*Facer diversas entrevistas na radio que versen sobre a historia da nosa vila:

-Entrevistar ao historiador Manuel Pérez Lorenzo”Lito”

-Entrevistar a membros do grupo que creou a páxina web Memorias de Sada na que se reflicte a historia da nosa vila en fotografías.

-Entrevistar a Miguel Gayoso exdirector do CEIP Sada e Contornos para que nos conte a historia de ese centro que ten as súas raíces na Asociación Sada e Contornos de Nova Iork.

*Facer carteis que reflentan algunha manifestación artística propia da época da historia que lle toque a cada clase. Os carteis levarán unha foto ou ilustración e unha pequena explicación sobre a ilustración, esta explicación estará en galego, castelán e inglés.

*Vestir ao Meco en Entroido cun disfraz que verse sobre a historia, que é o tema do noso PDI.

*Decorar o recuncho de EDLG cunha Palloza

O SAMAÍN

Decoración dunha cortiza e entrega dun dossier por clase con diferentes actividades

O MAGOSTO

Tal e como se ben facendo o alumnado comerá as castañas propias desta festividade tendo en conta as precaucións e o protocolo COVID do centro.

Esta festa estará amenizada por mestres que toquen a gaita e outros instrumentos típicos galegos.

Faremos un mural para decorar o colexio que verse sobre esta temática e pasarémoslles aos diferentes titores posibles actividades para que elixan a que queiran facer.

Darase un dossier por clase sobre esta festividade onde aparezan diversas actividades a realizar polo alumnado.

NADAL

Postais de nadal

Posible participación no concurso de postais de Nadal do concello.

Calendario

O tema do calendario deste ano será o tema do PDI do centro e cada aula ilustrará os diferentes meses facendo relación ao período da historia que lle tocara tratar durante o curso

DÍA DE CASTELAO E DA ILUSTRACIÓN

Algunhas clases participarán creando un cómic na nosa lingua

A CANDELORIA

Esta actividade estará relacionada co nacemento dos paxaros e as prantas típicas desta festividade

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Facer un mural da autora.

Ilustrar o poema Adiós Ríos, Adios fontes e facer un “podcast” cos traballos do alumnado cuxa banda sonora sexa o poema cantado pola cantautora galega Ses.

Achegar ás diferentes aulas a proposta que fagan a asociación de escritores galegos.

Posibilidade de facer un artigo sobre a autora que será publicado na revista Areal da Asociación Irmáns Suárez Picallo da nosa vila.

Posibilidade de presentar dende Educación Plástica ao fillo da autora Ovidio Murguía de Castro, que foi un pintor pertencente á chamada Xeración Doente.

ENTROIDO

Disfrazar ao Meco coa temática do PDI do centro.

Seguir cos mandados do Meco.

Pedir ao Concello os cabezudos, personaxes da nosa historia das festas patronais para a festa de Entroido.

Entregar a cada aula un dossier sobre a historia do Entroido galego.

DÍA DAS ARTES GALEGAS

Este ano o día está adicado a José Otero Abeledo “Laxeiro”. Presentaremos ao artista dende Educación Plástica e interpretarán algunha das súas obras utilizando diferentes técnicas.

OS MAIOS

Elaboración de Maios

LETRAS GALEGAS

Entrega das diferentes actividades que diseña o equipo de Dinamización da Xunta sobre o autor homenaxeado este ano ás diferentes clases para que cada titora elixa a actividade que quere realizar.

Concerto de música folk. Porémonos en contacto cun grupo para ver se existe a posibilidade de que veña a tocar ao centro. Este ano estaríamos interesados en presentar a música folk en vez da música tradicional xa

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

que en anos anteriores viñeron grupos de folclore tradicional e para que o alumnado vexa a diferenza entre folk e folclore tradicional.

De non haber posibilidade de que toque un grupo folk, falaremos co grupo sadense de folclore tradicional galego “Nova Troula”.

Coa fin de que o alumnado coñeza as partes do traxe de gala das Mariñas daráselle uns bonecos recortables que vestirán coas pezas tamén recortables do traxe galego. Na páxina aparece escrito tanto o nome da peza coma a cor na que os teñen que pintar.

Repartirase por cada clase o dossier de actividades que manda a Xunta sobre o autor homenaxeado este ano que este ano é Florencio Delgado Gurriagán. Escritor exiliado en México.

Facer un mural sobre o autor homenaxeado.

Facer un marca páxinas, que será decorado polo alumnado, coa faciana de Florencio Delgado Gurriagán.

Utilización do “galeómetro”, para incrementar o uso do galego nas materias que o teñen como lingua vehicular. Exporase a todo o claustro dende o EDLG a través da CCP. Este recurso non será de emprego obrigatorio no centro, soamente trátase dunha idea que pode ser usado libremente polo profesorado das distintas áreas.

Posibilidade de continuar coa actividade **“palabra do mes”**

Posibilidade de colaborar con distintas entidades sadenses

-Asociación cultural Irmáns Suárez Picallo

-Memorias de Sada

-Concello

-Distintos centros educativos do concello

PROPOSTAS DE MELLORA

As propostas de mellora que se recolleron na memoria final do curso 2019/20 foron as seguintes:

- Maior implicación dos membros do EDLG (coordinador incluído) nas actividades que se propoñen, realizando todas aquelas que se acordan facer como traballo individual e aportando máis iniciativas.
- Conseguir unha coordinación máis efectiva con outros equipos do centro para desenvolver actividades conxuntas.
- Acadar que o profesorado se implique máis nas actividades: que visiten e investiguen sobre as exposicións que se fan, traballar en clase as palabras finalistas da “Palabra do mes”, entre outras.
- Simplemente facer constar, como noutros cursos, que todas estas actividades non chegan a ter un impacto significativo nin no alumnado nin no profesorado para un maior emprego e normalización do galego.
- Maior emprego do galego por parte do profesorado nas dinámicas diarias do centro como forma na que o alumnado poida visualizar que é posible comunicarse en galego e que o alumnado non a vexa como unha lingua estranxeira.

- Propostas para traballar o vindeiro curso: os Maios, a Candeloria, a tradición de poñer xestas o 1 de maio.
- Que os distintos mestres do centro vaian pasando por distintos equipos, non quedarse sempre no mesmo, para que poida haber máis riqueza de ideas e propostas.

AVALIACIÓN

A avaliación deste proxecto será continua .

A fin de curso elaborárase unha memoria reflexiva que permita recoller os logros acadados, as dificultades atopadas e, sobre todo, os aspectos que será preciso modificar (retirar, concretar, ampliar,...) de cara o futuro.

O seguimento continuo do plan terá lugar nas diferentes sesións de coordinación do grupo de traballo que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas.

Como indicadores de calidade do e polo tanto, como criterios de avaliación vamos a considerar os seguintes:

- Adecuación do proxecto lingüístico de centro ás necesidades reais dos destinatarios.
- Adecuación dos obxectivos previstos á vista dos logros acadados.
- Adecuación das actividades programadas.
- Adecuación dos recursos dispoñibles.
- Grado de participación da comunidade educativa nas actividades realizadas.
- Grado de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Hoxe en día a competencia en linguas estranxeiras é considerada como un recurso económico e social indispensable nunha Europa cultural e lingüisticamente diversa. De aí que esta competencia en linguas estranxeiras aumente as posibilidades de emprego das persoas, así como as opcións educativas.

O enfoque plurilingüe enfatiza o feito de que conforme se expande a experiencia lingüística dun individuo nos entornos culturais dunha lingua, dende a linguaxe familiar ata o da sociedade en xeral, e despois ata as linguas doutros pobos, o individuo non garda estas linguas e culturas en compartimentos mentais estritamente separados, senón que desenvolve unha competencia comunicativa á que contribúen todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas e na que as linguas se relacionan entre si e interactúan.

En distintas situacións, unha persoa pode recorrer con flexibilidade a partes diferentes da competencia comunicativa para acadar unha comunicación eficaz cun interlocutor concreto. Así, unha persoa pode recorrer ao coñecemento de varias linguas para dar sentido a unha mensaxe escrita ou falada nunha lingua estranxeira, recoñecendo palabras dun fondo común internacional que aparecen dun xeito novo. Os que teñan algúns coñecementos, poden utilizar esta competencia para axudar, servindo de mediadores entre individuos que non teñan unha lingua común e carezan, polo tanto, da capacidade para comunicarse. Dende esta perspectiva, a finalidade da educación nunha lingua queda profundamente modificada. Xa non se contempla como o simple logro do “dominio” dunha ou dúas – ou incluso tres linguas- cada unha considerada de forma illada, co “falante nativo ideal” como modelo fundamental. Pola contra, o obxectivo é o desenvolvemento dun repertorio lingüístico no que teñan cabida todas as capacidades lingüísticas. Ademais non debemos esquecer que a aprendizaxe de idiomas ten que darse durante toda a vida, polo tanto é moi importante o desenvolvemento da motivación, da destreza e da confianza do alumnado á hora de enfrontarse a unha nova experiencia lingüística.

Compre dicir que o plurilingüísimo ten que contemplarse no contexto do pluriculturalismo. A lingua non é so un aspecto importante da cultura, senón tamén un medio de acceso ás manifestacións culturais.

Hoxe en día a competencia en linguas estranxeiras é considerada como un recurso económico e social indispensable nunha Europa cultural e lingüisticamente diversa. De aí que esta competencia en linguas estranxeiras aumente as posibilidades de emprego das persoas así como as opcións educativas.

Compre resaltar que no mundo globalizado no que estamos a vivir, o inglés converteuse na principal lingua en calidade de idioma de comunicación universal, logrando un alcance como ningunha outra lingua o fixo ao longo da historia, adquirindo así o status de «competencia clave», e sendo parte esencial da alfabetización do século XXI. Por iso, a competencia insuficiente do noso alumnado nesta lingua tería serias repercusións para continuar estudos noutros países e para as súas posibilidades de emprego.

Dende esta perspectiva, a finalidade da educación nunha lingua queda profundamente modificada. Xa non se contempla como o simple logro do “dominio” dunha ou dúas – ou incluso tres linguas- cada unha considerada de forma illada, co “falante nativo ideal” como modelo fundamental. Pola contra, o obxectivo é o desenvolvemento dun repertorio lingüístico no que teñan cabida todas as capacidades lingüísticas. Ademais non debemos esquecer que a aprendizaxe de idiomas ten que darse durante toda a vida, polo tanto é moi importante o desenvolvemento da motivación, da destreza e da confianza do alumnado á hora de enfrontarse a unha nova experiencia lingüística.

Este curso é o décimo curso que formamos parte da rede de Centros Plurilingües de Galicia.

Neste ano escolar 2021/22 impartírase Arts and Crafts en toda a etapa de primaria, mentres que no caso de Educación Física dende terceiro a sexto nivel na lingua estranxeira

A área de Educación Musical en lingua estranxeira impartírase do primeiro ao cuarto nivel.

OBXECTIVOS EQUIPO PLURILINGÜISMO.

- Ofrecer ao alumnado, unha formación integral fomentando o plurilingüismo e estimulando a aprendizaxe do inglés. Formando nesta lingua á vez que en contidos non lingüísticos mellorando o dominio efectivo en linguas estranxeiras.
- Mellorar a coordinación entre o profesorado CLIL e as mestras especialistas de linguas estranxeiras para poder traballar interdisciplinariamente os contidos das diferentes áreas.
- Aumentar a nosa participación no PDI do centro achegando figuras históricas relevantes na historia de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aportarlle ao auxiliar de conversa estratexias comunicativas básicas coa finalidade de que a comunicación co alumnado sexa o máis fluída posible.
- Mellorar as competencias lingüísticas do alumnado na lingua estranxeira.
- Fomentar o uso da lingua estranxeira entre o profesorado CLIL, especialistas e demais mestres que teñan coñecemento de dita lingua.

ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO NOSO ALUMNADO NA LINGUA ESTRANXEIRA

- Seguir organizando mostras cos traballos realizados polo alumnado, acompañados dunha breve explicación.
- Rentabilizar a presenza do profesor nativo auxiliar a tempo parcial para estimular e reforzar a lingua inglesa na aula de plástica, inglés e de educación física.
- Empregar, dependendo do contido, as tres linguas impartidas no centro nas celebracións, eventos, exposicións, proxectos.
- Realización de sesións de contacontos en inglés tanto na aula como na biblioteca escolar.
- Crear en cada titoría un recuncho de inglés co calendario, vocabulario a traballar.
- Seguir fomentando a lingua inglesa na biblioteca, dotando esta dunha variedade de libros escritos na lingua estranxeira.
- Fomentar a presenza do inglés no centro a través de concursos, participación nos festivais e outros eventos.
- Participar no PDI do centro ao longo do curso.
- Este ano, dentro do programa plurilingüe, celebraremos as seguintes conmemoracións:
Halloween, Christmas, Thanksgiving, Saint Patrick’s day, Mardi Grass Spring / Easter.
- O equipo de Plurilingüismo será o encargado de deseñar actividades para celebrar o día en contra da violencia de xénero.
- Contacontos no tempo de lecer a cargo do auxiliar de conversa.
- Vídeo-recomendacións de lecturas en lingua estranxeira do equipo de plurilingüismo

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Programación Xeral Anual 2021.22

A participación dos auxiliares de conversa ademais de constituír unha práctica internacionalmente recoñecida para mellorar a competencia comunicativa do alumnado en linguas estranxeiras, contribúen a un achegamento máis natural aos aspectos xeográficos, sociais, culturais, económicos e de actualidade dos países de referencia, o cal supón un incremento da motivación para a aprendizaxe da lingua obxecto de estudo ademais de ser un referente fundamental para o desenvolvemento dunha lingua.

A presenza dos auxiliares de conversa nos centros educativos galegos é un elemento esencial para facilitar o proceso de ensino e de aprendizaxe de linguas estranxeiras. Achegan a voz nativa do seu país de orixe ao alumnado galego e apoian o labor do profesorado, posibilitando as prácticas de conversación en lingua estranxeira e representando un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo.

Tamén a figura da auxiliar de conversa contribúe a:

- Reforzar as competencias en lingua estranxeira, fundamentalmente as destrezas orais, do alumnado.
- Promover o entendemento cultural.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado pola lingua e a cultura do país de orixe da persoa auxiliar e do conxunto de países que comparten a súa lingua.
- Promover iniciativas de formación e apoio ao ensino e aprendizaxe das linguas. A súa presenza na aula (e no centro) debe ser unha fonte de ideas, de creatividade e de novos recursos.
- Achegar recursos didácticos, especialmente material orixinal dos seus países de procedencia

O noso auxiliar Daniel ten experiencia desenvolvendo o papel de auxiliar de conversa xa que é o quinto ano que forma parte do programa.

HORARIO DO AUXILIAR DE CONVERSA

Juan Daniel Mendez será o noso auxiliar de conversa, que comezará con nós, o día 1 de outubro e rematará a súa estancia o día 31 de maio cunha periodicidade de 16 horas á semana.

Para a elaboración do horario, establecéronse algúns criterios:

- Que cada clase de Educación Primaria tivese ao menos unha sesión co auxiliar.
- Igualar, dentro das posibilidades ofrecidas polos horarios establecidos, a cantidade de horas que asiste en Educación Física, Arts and Crafts xa que o mestre de música dixo que non era necesario que o auxiliar fora á súa clase.

Para aproveitar o máximo a súa presenza aquí realizaremos semanalmente unha reunión de coordinación do equipo de Plurilingüístico para planificar os traballos que se realizarán cos diferentes grupos.

Durante a primeira semana acudirá a clase nas horas de idioma estranxeiro co fin de se presentar e falar da cultura e xeografía do seu país de orixe que no seu caso son os Estados Unidos.

	MONDAY	TUESDAY	WEDNESDAY	THURSDAY	FRIDAY

9:00/9:50		4th B PE	6thA PE	4thB PE	6ThB AC
9.50/10:40		5th B PE	3rdA PE	Coordination	
10:40/11:30		2nd A AC	1stA AC	6th B PE	1stB AC
BREAK 11:30/12:10		BREAK	BREAK	BREAK	BREAK
12:20/13:10		4thA AC		2nd B AC	6th A PE
13:10/14:00		3rdB AC	4thA PE		5th A PE

SEGUIMIENTO E AVALIACION DO PROGRAMA PLURILINGÜE

Según vén reflectido no artigo 17 da Orde 12 de Maio de 2011 “Os centros plurilingües establecerán nas súa programación os mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe”

En canto a avaliación do proxecto, terá a finalidade de analizar se se acadan os obxectivos propostos coa implantación do proxecto plurilingüe.

Dicir que os aspectos a avaliar serán os seguintes

- Se houbo unha mellora nas competencias lingüísticas do alumnado na lingua estranxeira.
- Se o grado de satisfacción do programa como experiencia foi o axeitado.
- Se as estratexias, materiais e actividades realizadas polo profesorado para o desenvolvemento do programa foron axeitas.

Os mecanismos de seguimentos do programa serán os seguintes:

- Realización dunha avaliación inicial ao principio do curso para ter unha idea máis aproximada dos coñecementos da lingua inglesa dos alumnos. Avaliación baseada na observación.
- Realización dunha avaliación continua baseada na observación diaria da aula do progreso do alumnado a través da súa participación nas actividades propostas.
- Realización dunha avaliación final na que decidiremos sobre se a nosa labor docente foi axeitada
- Avaliación dos materiais utilizados na aula.
- Autoavaliación da metodoloxía empregada e do deseño de actividades ao longo do curso

Preparación da clase e dos recursos e materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.	1	2	3	4
	Os materiais son axeitados	1	2	3	4
	Os materiais utilizados teñen efecto motivador co fin de favorecer a aprendizaxe do alumnado	1	2	3	4
Utilización metodoloxía adecuada	Téñense en conta aprendizaxes significativas	1	2	3	4
	A metodoloxía fomenta a motivación do alumnado	1	2	3	4
	Existe interdisciplinabilidade no tratamento dos contidos	1	2	3	4
Avaliación da práctica docente	Grao do seguimento das clases polo alumnado.	1	2	3	4
	Validez dos recursos utilizados na clase.	1	2	3	4

A ESCALA DE VALORACIÓN É A SEGUINTE:

4.SEMPRE	3.HABITUALMENTE	2.ÁSVECES	1.NUNCA
----------	-----------------	-----------	---------

SEGUIMENTO E AVALIACION DA ACTIVIDADE DO AUXILIAR DE CONVERSA

Segundo a ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No seu artigo 11 establece que Os centros aos cales se lles asigne un ou unha auxiliar de conversa establecerán na súa programación xeral anual os mecanismos de seguimento e avaliación da súa actividade que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que se deberán reflectir na memoria final de cada curso.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA ACTUACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

- Participa activamente na clase
- Colabora co profesorado no desenvolvemento e mellora das competencias lingüísticas tanto do alumnado coma do propio profesorado
- Aporta ideas para desenvolver as clases.
- Achega a súa propia cultura ao alumnado e ao profesorado
- Axuda á hora de elaborar materiais didácticos e achega material orixinal do seu país de orixe

AVALIACIÓN DA ACTUACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Para avaliar a actuación do noso auxiliar de conversas utilizaremos os seguintes criterios de avaliacións:

- Reforzar as competencias en lingua estranxeira, fundamentalmente as destrezas orais, do alumnado.
- Promover o entendemento cultural.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado pola lingua e a cultura do país de orixe da persoa auxiliar e do conxunto de países que comparten a súa lingua.
- Promover iniciativas de formación e apoio ao ensino e aprendizaxe das linguas. A súa presenza na aula (e no centro) debe ser unha fonte de ideas, de creatividade e de novos recursos.
- Achegar recursos didácticos, especialmente material orixinal dos seus países de procedencia

INDICADORES DE LOGRO

Participa activamente na clase	4	3	2	1
Os materiais que achega son axeitados	4	3	2	1
Colabora co profesorado no desenvolvemento das clases	4	3	2	1
Colabora activamente co profesorado no deseño de actividades	4	3	2	1
Fomenta o entendemento cultural	4	3	2	1
Fomenta o interese dos alumnos cara a aprendizaxe da lingua estranxeira e a mellora da competencia lingüística	4	3	2	1
O grado seguimento das clases polo alumnos é positivo	4	3	2	1

A ESCALA DE VALORACIÓN É A SEGUINTE:

4.SEMPRE	3.HABITUALMENTE	2.ÁSVECES	1.NUNCA
----------	-----------------	-----------	---------

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Programación Xeral Anual 2021.22

O Persoal de Administración e Servizos do CEIP componse de:

- un subalterno
- unha administrativa
- persoal de limpeza- Adscrito ao IES.

a) **Persoal subalterno:**

O horario do/a persoal subalterno será de 08:00 a 15:00 horas e os martes de 15:30 a 18:00 horas.

As funcións principais do/a persoal subalterno son:

- Custodiar o edificio, mobiliario, máquinas, instalacións e locais.
- Controlar a entrada das persoas alleas ao centro escolar, recibir as súas peticións e indicarlles o lugar a onde deben dirixirse.
- Custodiar as chaves dos despachos, oficinas, aulas e demais dependencias.
- Recibir, conservar e distribuír os documentos, obxectos e correspondencia que lle sexa encomendada.
- Realizar dentro do recinto escolar os traslados de mobiliario, material e aparellos que fosen necesarios.
- Realizar os encargos relacionados co servizo e co mantemento do centro que lle sexa encomendado pola dirección, dentro e fóra do recinto escolar.
- Manexar máquinas reprodutoras, multcopistas, fotocopiadoras e análogas, cando así sexa autorizado pola Dirección do Centro.

b) **Administrativa:**

O horario do/a auxiliar administrativo do centro será de 07:30 a 15:00 horas.

As funcións principais do/a auxiliar administrativo son:

- Apoiar na xestión de datos dos alumnos/as, familias e titores, así como a súa ordenación nos sistemas de información.
- Informar e realizar a xestións necesarias dos servizos derivados da oferta do centro.
- Cooperar, informar e rexistrar os datos derivados dos procesos de preinscripción, matriculación, axudas ó estudo e axudas ó comedor.
- Realizar o tratamento axeitado ós expedientes dos alumnos/as.
- Recepción e saída da documentación, arquivo e posta ó día da mesma.
- Recollida de notas telefónicas e persoais.
- Aquelas función que o/ secretario do centro estime oportuno.

c) **Persoal de limpeza:**

O persoal de limpeza non está adscrito ó CEIP senón o IES O Mosteirón, quen se encarga de xestionar este servizo. O equipo directivo será o vínculo para calquera comunicación do profesorado co persoal de limpeza.

O servizo prestado polo IES ten como mínimos as prestacións seguintes:

- Fregado diario de tódalas dependencias cubertas.
- Limpeza do mobiliario.
- Baleirado diario de papeleiras.
- Limpeza de chans, aparatos e azulexos nos servizos de aseos e lavabos.
- Limpeza xeral e extraordinaria de tódalas dependencias, incluíndo chans, cristais, portas, ventás,

paredes, teitos e puntos de luz coincidindo coas vacacións trimestrais de Nadal, Pascua e Verán.

f) Limpeza semanal de espazos deportivos abertos e de patios.

A avaliación do centro é un proceso fundamental para poder determinar a correcta organización do centro e/ou establecer propostas de mellora e ir modificando aspectos que non están acadando o rendemento esperado. Por tanto, dita avaliación terá como **finalidade**:

- Establecer puntos débiles e puntos fortes do centro.
- Coñecer o funcionamento do centro e os resultados académicos.
- Permitir a toda a comunidade educativa reflexionar sobre os procesos que se están a desenvolver e a influencia da sociedade no centro.
- Propoñer melloras baseadas en técnicas, reflexións e investigacións.

Os ámbitos que se van avaliar son os seguintes:

Proceso de ensino aprendizaxe

- Realizar un seguimento do plan de atención á diversidade.
- Establecer un proceso de revisión e avaliación das programacións.
- Coñecer o grao de desenvolvemento das competencias do alumnado.
- Valorar e reflexionar sobre os recursos materiais e persoais dos que dispón o centro educativo.

Organización e funcionamento

- Avaliar a organización horaria e de reforzos para o alumnado.
- Valorar se as actividades complementarias que se están realizando permiten ao alumnado reforzar as súas aprendizaxes.
- Detectar carencias e necesidades organizativas.
- Coñecer e facer un seguimento da xestión económica do centro.
- Revisar continuamente os documentos de centro para modificar os aspectos que non sexan viables ao día a día do centro ou á lexislación vixente.
- Valorar e establecer propostas para a atención do alumnado que máis o precise.
- Analizar o desenvolvemento de plans e proxectos.

Convivencia


- Analizar a clima de convivencia que se está a dar no centro educativo.
- Valorar e buscar propostas de mellora para corrixir conductas contrarias á convivencia.
- Establecer plans e programas para a mellorar de habilidades sociais.
- Analizar as realización que se establecen coa comunidade educativa: familias, persoal non docente, ANPA.
- Valorar as relacións que se establecen co Concello e coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade,


CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Programación Xeral Anual 2021.22

Para levar a cabo esta avaliación contaremos cos órganos de coordinación docente, cos órganos de goberno e participación e tamén coas dinamizacións, tendo presente que as sesións de avaliación (trimestrais e inicial) serán claves neste proceso.

Na seguinte táboa amósase quen é o encargado de cada proceso.





31. Contratos programa.

Segundo a Resolución do 11 de xuño de 2021 pola que se regulan os Contratos Programa Incluíe, a Resolución do 11 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases para a convocatoria de Contratos Programa

CEIP Plurilingüe “O Mosteirón”

Programación Xeral Anual 2021.22

Innova e a Resolución 14 de xuño de 2021 pola que se regulan os Contratos Programa Recupera-T amósanse a organización dos contratos programa e a avaliación.

- CP Innova

EDUinnova

Esta modalidade vaise realizar por unha banda no segundo ciclo de educación infantil, en 4º, 5º e 6º de educación infantil, dado que, entendemos que é o momento onde se deben sentar as bases das competencias (neste ciclo competencias básicas).

Neste centro traballamos en base a proxectos totalmente en educación infantil e integrando pouco a pouco algún en Ed. primaria, pero queremos dar un impulso a experimentar técnicas que antes non leváramos a cabo no ámbito lingüístico e no ámbito matemático.

Entre as actividades que se van levar a cabo están as relativas á competencia lingüística, ofrecendo ao alumnado novas oportunidades para expresarse. Dado que, este curso o PDI do centro versa sobre as diferentes épocas da historia comezaremos tamén traballando a evolución lingüística a través do recitado, do canto, da mínima...

No referido á competencia matemática a nosa base séntase nas matemáticas manipulativas e partiremos tamén, do PDI para poder experimentar e saber como contaban antes, traballar en base ao método abn....

Á hora de avalialo terase en conta:

- Avance no asentamento das competencias básicas.
- Adquisición de novas experiencias de aprendizaxe tendo como base a aprendizaxe significativa.
- Interese e motivación cara a experimentación do alumnado

EDUsaude

Todo o centro está implicado na participación desta modalidade, vaise realizar dende 4º de Infantil ata 6º de Primaria, dado que os obxectivos deste programa están vinculados á nosa filosofía de traballo e consideramos que debe inculcarse dende as idades máis temperás e continuar durante toda a etapa de Primaria para consolidar estas aprendizaxes.

Medidas:

- Impulsaremos unha elección saudable das merendas, propoñendo ás familias un tren de merendas e facilitando receitas e propostas alternativas na páxina web do centro.

- O alumnado de 4º de Primaria realizará exposicións e murais relativos á importancia dunha correcta alimentación, fomentando a reflexión do alumnado á hora de elixir os alimentos da merenda e do almorzo.

- Promocionaremos os descansos activos introducindo a realización da milla diaria e outras actividades que aumenten o compromiso motor entre os períodos lectivos.

- No tempo de lecer presentaremos opcións que favorezan o movemento e que poidan extrapolar ao seu tempo de ocio.

- Traballo interdisciplinar entre as áreas de E.F., matemáticas e ciencias naturais.

- As actividades extraescolares e complementarias estarán vinculadas, sempre que sexa posible, co incremento da práctica física.

Entre as actividades/medidas que se van levar a cabo están as relativas á:

- Hábitos alimentarios saudables.

- Incremento de actividade física no horario lectivo.

- Favorecer a práctica deportiva fóra do horario lectivo.

Á hora de avalialo terase en conta:

- Comprobar se houberon cambios na elección de alimentos na merenda.

- Número de alumnado que aplica o tren de merendas saudables

- Participación nos patios dinámicos.

-Enquisa de participación nas actividades desenvoltas.

CpInclúe- Convíve-T

Planificación

1. A prevención sería o obxectivo prioritario e pode tomar distintas formas, pero a máis potente de todas elas é a base da educación social, tanto a escolar como a que ten lugar na familias ou en contextos de interacción cos iguais en actividades de lecer.

- Medida: facilitarlle as familias e mestres/as enlaces a estudos, vídeos, podcast, etc. sobre o acoso e cyberacoso, habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia

2. Ser un centro máis HORIZONTAL e buscar, a pesar da situación COVID, o xeito de facer máis partícipes ao alumnado na toma de decisións relevantes (elaboración de normas, peticións concretas dos alumnos, etc.).

- Medida: Asembleas diarias de clase consensuadas na toma de decisións.

Benbenishty e Astor (2005) sinalan que existen 3 elementos que axudan considerablemente á convivencia escolar:

As regras e políticas claras: as que deben ser miradas como xustas e coherentes para os integrantes da institución educativa, é dicir a dilixencia debe manifestar a un principio de equidade máis non de autoritarismo.

As interaccións afectivas e de apoio con adultos: o apoio que os mestres/as dan ao alumnos inflúen efectivamente na felicidade subxectiva e social dos nenos e nenas; polo que os educadores tenden a despreñar a seguridade, autonomía e a obrigação cara á súa escola.

A contribución mobiliza aos mestres/as no proceso de toma de decisións e no deseño de habilidades e recursos para resolver as diferentes dificultades que xera un adecuado clima de participación, colaboración e responsabilidade encamiñada á solución das dificultades.

Estes elementos son necesarios para despreñar unha convivencia positiva, con obediencia mutua e cooperación recíproca.

3. Dar máis facilidades para quen queira comunicar calquera cousa que lle inquiete.

- Medida: Montar unha caixa de correos no centro para que calquera que o desexe poida deixar a súa suxestión, crítica, petición, ...referente a calquera tema da vida cotiá dentro da vida escolar. Nesa mesma caixa de correo un correo electrónico que serviría para o mesmo fin.

4. Intentar que sexan os/as alumnos/as quenes promovan a convivencia.

- Medida: Crear un slogan potente e darlle maior visibilidade. Por exemplo: "Axudar a outros axuda". Facer visible este slogan por todo o colexio para potenciar, por imitación, un modelo de contaxio positivo que impregna o clima social xeral do centro. Tamén montar un recuncho na biblioteca, por exemplo, onde haxa libros, xogos sobre temas de convivencia. Ademais, levando o slogan "Axudar a outros axuda" á práctica ten as seguintes connotacións:

Mellorar a seguridade nun mesmo

Incrementar a súa responsabilidade --> MELLORA DA AUTOESTIMA

Ter un sentimento de utilidade

Este programa deberá ter continuidade na familia, polo que se presentan algunhas situacións familiares nas que se poden traballar algúns hábitos básicos que sentan as bases das habilidades sociais: a mirada, o sorriso, o diálogo...

Ademais, é preciso que as familias coñezan técnicas que lle axudarán a acadar estes obxectivos:

1. O reforzo positivo: Cada vez que reforzan a conduta que desexan que o neno/a realice, é máis probable que reproduza novamente esa conduta e que a practique en diferentes contextos e situacións.
2. Modelado: Os nenos/as aprenden fundamental a partir da imitacións de modelos. Dado que a familia é o modelo máis importante para o neno/a, constitúe o principal referente.
3. Práctica de tarefas cotiáns: E de suma importancia o establecemento de normas claras que organicen a actividade diaria, e que sexan consensuadas e aplicadas por todos os membros da familia.
4. Firmeza e acordo entre os membros do núcleo familiar: E preciso que os membros da familia amosen unhas ideas e pautas comúns e ser firmes nas súas decisións, sen dar lugar á ambigüidade.

O plan de autoprotección do centro foi entregado por parte da Conselleira de Educación do Concello de Sada o de decembro de 2019 e posto en practica a través dos simulacros de evacuación e o plan de formación inicial para o profesorado.

A dirección do centro é a persoa que tamén ocupa a dirección do Plan de Autoprotección. No caso de que dita persoa non este no centro ocupará o posto a secretaria ou a xefa de estudos, por este orde.

Para a realización da evacuación do edificio farase sempre dende a planta superior á inferior, dado que en caso de incendio o fume tende a subir.

Toda evacuación debe facerse de xeito organizado e mantendo, por parte, de toda a comunidade educativa a calma.

Abandonarase a aula de un en un mantendo a distancia de seguridade e pegados á parede, non se parará ninguén a recoller obxectos persoais e realizarase a evacuación en silencio. O profesor situarase sempre ao final da fila, xa que isto daralle unha referencia ao alumnado e asegurarse de que non quede ningún retrasado. As tres plantas dirixiranse á saída principal.

Tentarase realizar un simulacro de evacuación.

Coas actividades complementarias, que consideramos fundamentais para a formación integral do alumnado, perseguimos basicamente dous obxectivos:

- Que consigan unha educación integral, que non só consiste na adquisición de coñecementos, senón tamén de estratexias e actitudes que lles permitan afrontar os problemas que se lles presenten por eles mesmos.
- Seguir mantendo a boa relación que hai coa Comunidade Escolar, e lograr un clima de colaboración entre todos os seus membros.

PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
15:20-16:20	Teatro trilingüe	Pintura Inglés	Teatro trilingüe	Pintura Inglés	Aprende con cans
16:20-17:20	Atletismo	Judo	Atletismo	Judo	

ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

HORA	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
16:00-16:55		TAEKWONDO		TAEKWONDO	
16:15-17:15				INFORMÁTICA	MAKERSMIX Todos
16:30-17:30		MINIMAKERS 3º y 4º Primaria			
17:15-18:15				MICROMAKERS Infantil y 1º y 2ºPri	
17:45-18:45		MEGAMAKERS 5º y 6º Primaria			
18:30-19:30				MINIMAKERS 3º y 4º Primaria	

Estas actividades están abertas a todo o alumnado do colexio que o solicite, sexa ou non da ANPA. Durante a realización das mesmas, haberá un mestre no colexio para atender calquera imprevisto co desenvolvemento das mesmas.

RESUMO DAS ACTIVIDADES QUE SE REALIZARÁN Ó LONGO DO CURSO

• Programa Madrugadores:

Trátase dun programa de atención a alumnos dende as 7:30 ate as 9:00h, hora de entrada no centro.

Desenvolvese dende setembro a xuño, nunha sala destinada para este fin.

Participan unha media de 11 alumnos de carácter fixo diario e o número de eventuais varia segundo o mes e o día. Este programa está pensado para conciliar a vida laboral e familiar das familias. Temos contratada a unha empresa especializada nestes servizos de coidado e atención de nen@s e temos a unha coidadora. As familias asociadas á ANPA contan cunha redución do custo mensual. Existen dúas posibilidades e polo tanto dúas tarifas: carácter fixo, carácter eventual. Ademais, tamén existe un desconto para os irmáns que fan uso do mesmo servizo.

• Programa Canguro:

Programa que se desenvolve nos meses de setembro e xuño en horario de 15:20 a 17:20. Ten as mesmas características que o programa madrugadores, aínda que distinto horario. Ademais do desconto por irmán, tamén existe outro desconto para aquelas familias que fan uso de ambos os dous programas básicos para a conciliación familiar, madrugadores e canguro.

• Actividade extraescolar “Pintura e Debuxo”

Actividade extraescolar que se realiza divididos en dous grupos os martes e xoves de 15:20 a 16:20, a partir de outubro ata maio. Está impartida pola Escola De Arte de Sada na que se ensinará aos nen@s o uso das distintas técnicas de pintura e a modelar en barro. Destinada para nen@s de infantil e primaria.

• Actividade extraescolar “Atletismo”

Actividade extraescolar que se desenvolve os luns e mércores de cada mes de 16:20 a 17:20, a partir de outubro ata maio. Impartida polo Club de Atletismo de Sada, para nen@s de infantil e primaria, coa finalidade de introducir aos nen@s neste deporte a través de xogos e exercicios ao mesmo tempo que axudan á maduración psicomotora do neno.

• Actividade extraescolar “Teatro trilingüe”

Actividade extraescolar que se desenvolve os luns e os mércores de 15:20 a 16:20, a partir de outubro ata maio. Actividade de nova creación para nen@s de infantil e primaria para introducilos no mundo das artes escénicas dunha maneira lúdica e aproveitar a practica dos tres idiomas, galego, castelán e inglés.

▪ **Actividade extraescolar “Inglés”**

Actividade extraescolar que se desenvolve os martes e xoves de 15:20 a 16:20, a partir de outubro ata maio. É unha actividade na que se intentará que aprendan inglés xogando e cantando.

▪ **Actividade extraescolar “Judo”**

Actividade extraescolar que se desenvolve os martes e xoves de 16:20 a 17:20, a partir de outubro ata maio. Impartida polo Club de Judo de Oleiros, e destinada a nen@s de infantil e primaria, coa finalidade de dar a coñecer este arte marcial no centro, para que aqueles nen@s que queiran, poidan participar nos torneos que se organizan la provincia, coma a Liga de Oleiros, Miguelito, etc.

Os alumnos que o desexen poderán afiliarse á Federación de Judo para poder participar nestes torneos.

ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

• **Informática**

Actividade extraescolar que se desenvolve fóra do centro escolar os xoves de 16:00 ata as 17:00 de outubro a xuño, dirixido a nen@s de 5º e 6º de primaria para iniciarse no uso dos programas do paquete Office. A hora poderá variar segundo se faga grupo e o número de alumn@s.

• **Robótica**

Actividade extraescolar que se desenvolve en diferentes horarios os martes, xoves e venres, de outubro a xuño. Dependendo do nivel, levaranse a cabo sesións de robótica educativa, de programación, así como actividades de deseño e impresión 3D. A hora poderá variar segundo se faga grupo e o número de alumn@s.

• **Taekwondo**

Actividade extraescolar que se desenvolve os martes e xoves de 16:00 a 16:55, a partir de outubro ata maio. Impartida polo Club de Taekwondo, e destinada a nen@s de infantil e primaria, coa finalidade de dar a coñecer este arte marcial, para que aqueles nen@s que queiran, poidan participar nos torneos que se organizan la provincia.